

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE:	2021006805
ASUNTO:	AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA SOCIAL 2021
TRÁMITE:	RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE VILA DE CRUCES

BEB/ldv

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO:**

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 10/12/20 aprobáronse as Bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia Social 2021, publicadas no BOPPO núm. 10 do 18 de xaneiro de 2021. Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, destinadas a prestar apoio económico para atender ás necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social, nas contías sinaladas no Anexo I das bases reguladoras.

2º.- Con data 12 de febreiro de 2021 e número de rexistro WEB2021004913 o Concello de VILA DE CRUCES presenta a súa solicitude, polas cantidades que se indican:

GASTO CORRENTE	INVESTIMENTO
6.000,00 €	3.300,00 €



Firmado por: 36049002K MARIA DEL CARMEN SILVA (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 31/05/2021 08:48



3º.- Unha vez revisada a solicitude e comprobado que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria, a proposta do servizo de Cohesión social e Xuventude, con data 26 de maio de 2021, Intervención informa favorablemente o expediente, facendo constar que: "(...) Nas aplicacións 21/231.2313.462.00 e 21/231.2311.762.00, existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto, emitíndose documento RC número 202100104902 e 202100104922, respectivamente (...)".

De acordo co exposto, e de conformidade co establecido nas Bases Reguladoras desta convocatoria, **RESOLVO:**

Conceder ao Concello de Vila de Cruces, ao amparo da convocatoria e bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia para o exercicio 2021, un importe de 6.000,00 € en concepto de gasto corrente e 3.300,00 € en concepto de gasto de investimento que se imputarán aplicacións 21/231.2313.462.00 e 21/231.2311.762.00 respectivamente do orzamento provincial de este exercicio.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Firmado por: BEGOÑA ESTEVEZ BERNARDEZ - 52493140X
Cargo: Xef/a do servizo de Cohesión Social e Xuventude
Data: 27/05/2021 13:22

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - 02506041X
Cargo: Secretario
Data: 31/05/2021 08:59
Número Presidencia RP2021003046

